

CHAMAMENTO AOS/ÁS DECANOS/AS DE FACULTADE E DIRECTORES/AS DE ESCOLA PARA A SÚA INCORPORACIÓN COMO MEMBROS DO CONSELLO DE GOBERNO

Consonte o artigo 4.1 do Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno “nove decanos e directores de Escola, dos cales dous pertencerán ao campus de Lugo, serán membros do Consello de Goberno de forma rotatoria por períodos dun ano (...”).

Engade a alínea 2 do mesmo artigo que “en cumprimento do sistema de rotación anual (...), os/as decanos/as e directores/as de Escola serán chamados para incorporarse como membros do Consello de Goberno polo/a secretario/a xeral cunha antelación mínima de quince días á data de incorporación, seguindo a orde de prelación que figura no Anexo I deste Regulamento”.

No Anexo I indícase que “os representantes do campus de Lugo serán un decano/a ou director/a do grupo 1 e outro do grupo 2” e, no referido ao campus de Santiago, que “dous serán representantes da área de Ciencias Experimentais e Técnicas, dous da área de Ciencias Sociais e Xurídicas, un da área de Humanidades e dous da área de Ciencias da Saúde”.

Conforme ao anterior, comunícase que desde o día 14 de decembro de 2023 incorporaranse como membros do Consello de Goberno, polo período máximo dun ano, os decanos/as das Facultades seguintes:

- Facultade de Matemáticas (Ciencias Experimentais e Técnicas)
- Escola Técnica Superior de Enxeñaría (Ciencias Experimentais e Técnicas)
- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Ciencias Sociais e Xurídicas)
- Facultade de Ciencias da Educación (Ciencias Sociais e Xurídicas)
- Facultade de Filosofía (Humanidades)
- Facultade de Óptica e Optometría (Ciencias da Saúde)
- Facultade de Medicina e Odontoloxía (Ciencias da Saúde)
- Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (Campus de Lugo, grupo I)
- Facultade de Administración e Dirección de Empresas (Campus de Lugo, grupo 2)

Así mesmo, infórmase que o día 13 de decembro de 2023 deixarán de ter a condición de membros do Consello de Goberno os directores/as e decanos/as das Escolas e Facultades seguintes:

- Facultade de Física (Ciencias Experimentais e Técnicas)
- Facultade de Química (Ciencias Experimentais e Técnicas)
- Facultade de Relacións Laborais (Ciencias Sociais e Xurídicas)
- Facultade de Dereito (Ciencias Sociais e Xurídicas)
- Facultade de Xeografía e Historia (Humanidades)
- Facultade de Enfermaría (Ciencias da Saúde)
- Facultade de Farmacia (Ciencias da Saúde)
- Facultade de Ciencias (Campus de Lugo, grupo I)
- Facultade de Humanidades (Campus de Lugo, grupo 2)

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A secretaria xeral

Dulce M^a García Mella

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sres/as decanos/as e directores/as

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13/11/2023 20:31:29.

CSV: EA77-D6D2-4FD1-B663